

Asistente Tarefa 1

Portafolio

Autoría:

Carreira fernández, Luis Aquilino

Título do portafolio:

Historias dos animais en perigo de extinción.

Competencias

Competencia a xustificar**Indica o nome da primeira competencia que xustificas:**

1.1 Comunicación organizativa.

Evidencias aportadas

Enuncia os recursos relevantes, verificables e obxectivos que demostran que segundo o teu criterio permiten superar os indicadores de logro desta competencia que declaraches anteriormente. Para facilitar a tarefa de revisión á persoa titora, indica unha evidencia por liña e sinala entre parénteses onde se pode atopar no portafolio.

Creación cartafol compartido na aula virtual do centro. (Subpáxina 1.1)

Xustificación

Describe brevemente por que as evidencias aportadas demostran que superas os indicadores de logro declarados anteriormente. A xustificación non pode reproducir o descritor do indicador de logro, debe estar vinculada a este pero ser concreta para o teu proxecto. Tes algún exemplo en Máis información.

Aténdese ao indicador 1.1.B2.1 coa finalidade de ter un medio dixital para compartir toda a información do proxecto. Nesta liña, crease un cartafol compartido na aula virtual do centro para que todas as persoas implicadas no proxecto interdisciplinar poidan acceder facilmente. Desta maneira empregamos os recursos dixitais dispoñibles na escola e fomentamos a participación e retroalimentación de toda a comunidade educativa nesta aventura conxunta. Como punto de partida, consensuáronse os diferentes subtemas que imos traballar no noso proxecto. De maneira que poidamos ordenar os documentos ou

a información que se inclúa. Deste xeito, podemos acceder a cada un dos subtemas dunha maneira rápida e directa, sen ter que estar buscando entre todos. Amais, ao matricular o noso alumnado no curso tamén lles damos a opción a eles de incluír información interesante sobre o que estamos a traballar.

Para rematar, cabe destacar que o intercambio de ideas e experiencias entre o docente promove un ambiente cálido de traballo que fortalece o traballo en equipo e facilita a aprendizaxe do uso das tecnoloxías dixitais e adaptalo as nosas prácticas en consecuencia.

O cartafol compartido da aula virtual inclúe diferentes materiais e actividades de elaboración propia que no servirán para as tarefas que se realizarán ao longo do proxecto.

Competencias

Competencia a xustificar

Indica o nome da segunda competencia que xustificas:

1.2. Participación, colaboración e coordinación profesional

Evidencias aportadas

Enuncia os recursos relevantes, verificables e obxectivos que demostran que segundo o teu criterio permiten superar os indicadores de logro desta competencia que declaraches anteriormente. Para facilitar a tarefa de revisión á persoa titora, indica unha evidencia por liña e sinala entre parénteses onde se pode atopar no portfolio.

Creación dun curso conxunto na aula virtual. (Subpáxina 1.2)

Xustificación

Describe brevemente por que as evidencias aportadas demostran que superas os indicadores de logro declarados anteriormente. A xustificación non pode reproducir o descriptor do indicador de logro, debe estar vinculada a este pero ser concreta para o teu proxecto. Tes algún exemplo en Máis información.

Aténdese ao indicador de logro 1.2.B2.2., coa finalidade de crear un espazo de participación, facendo uso da aula virtual do centro xa que é un recurso accesible a toda a comunidade educativa, o cal intentamos visibilizar e empregar no noso día a día. Deste xeito, a aula virtual serviranos como espazo de colaboración entre o profesorado e de coordinación coas familias.

A idea é elaborar un proxecto interdisciplinar que faga partícipe tanto ao titor/a como ao profesorado especialista, polo tanto na aula virtual todo o profesorado debe colaborar de maneira activa. Para garantir que iso se cumpra realizaremos

semanalmente unha reunión presencial onde se rexistrarán e debatirán as aportacións persoais; co obxectivo de chegar a unha conclusión harmonizada do traballo a realizar.

Competencias

Competencia a xustificar

Indica o nome da terceira competencia que xustificas:

1.5. Protección de datos persoais, privacidade, seguridade e benestar dixital

Evidencias aportadas

Enuncia os recursos relevantes, verificables e obxectivos que demostran que segundo o teu criterio permiten superar os indicadores de logro desta competencia que declaraches anteriormente. Para facilitar a tarefa de revisión á persoa titora, indica unha evidencia por liña e sinala entre parénteses onde se pode atopar no portfolio.

Elaboración de impreso de cesión de datos e imaxe e creación dun tríptico para o uso responsable das novas tecnoloxías. (Subpáxina 1.3)

Xustificación

Describe brevemente por que as evidencias aportadas demostran que superas os indicadores de logro declarados anteriormente. A xustificación non pode reproducir o descriptor do indicador de logro, debe estar vinculada a este pero ser concreta para o teu proxecto. Tes algún exemplo en Máis información.

Aténdese ao indicador de logro 1.5.B2.1. , mediante a consulta do “Protocolo de protección de datos persoais no eido educativo” e do “Plan dixital”, en coordinación cos seus responsables elabórase un documento para a protección de datos persoais e tamén a cesión de dereitos de uso de imaxe. Amais crease un documento para fomentar as boas prácticas no uso responsable das novas tecnoloxías.

Para comezar, consultaremos os documentos nomeados anteriormente, “Protocolo de protección de datos persoais no eido educativo” e o “Plan dixital”; sendo isto unha tarefa imprescindible para coñecer de primeira man a información máis importante destes.

Logo dunha análise o profesorado recabou a información que lle permitía coñecer o tratamento de datos e imaxes no ámbito educativo.

Unha vez sabido isto, adaptáronse os impresos recollidos no protocolo á realidade do noso centro educativo.

Logo, para a elaboración do tríptico de boas prácticas das novas tecnoloxías,

consensuáronse os criterios que garantan un uso coherente e seguro das TAC co alumnado. A maiores inclúense unhas pautas dirixidas especificamente ás familias para promover a súa participación activa na dinámica do noso proxecto.

Indicadores

Incipiente:

- 1.1.B2.1. Identifica e pon en práctica usos complementarios das ferramentas de comunicación organizativa respectando as políticas de uso aceptable establecidas no centro
- 1.2.B2.2. Adapta as estratexias e dinámicas de colaboración ás funcionalidades da plataforma dixital empregada e a finalidade específica do proxecto ou tarefa.
- 1.5.B2.1. Colabora no deseño e na avaliación dos protocolos para a aplicación das medidas establecidas pola AE ou os titulares do centro sobre protección de datos persoais e garantías de dereitos dixitais dacordo coa normativa vixente.